

Xesús, Marta e María

Ca.1934

Julia Minguillón Iglesias

(Lugo, 1907-Madrid, 1965)

Óleo/táboa

Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía

Con este cadro, a pintora Julia Minguillón, foi galardoada cunha terceira medalla na Exposición Nacional de Belas Artes do ano 1934, a última en celebrarse antes do estalido da Guerra Civil Española.

A táboa foi pintada ao acabar a súa formación na Escola de Belas Artes de San Fernando, Madrid, onde, a artista estuda coa axuda dunha bolsa concedida pola Deputación de Lugo.

Esta obra, coa que Julia Minguillón conságrase como artista, adquiriuna o Estado con destino ao Museo Nacional de Arte Moderna e tras a clausura da exposición, foi prestada á fundación americana Carnegie para figurar en varias mostras itinerantes entre Pittsburg e Baltimore.

Estamos ante unha composición teatralizada que ilustra o capítulo 10, versículos 38-42 do Evanxeo de San Lucas. Nela represéntanse tres figuras en torno dunha mesa cuberta cun mantel de cor branca. María, vestida con túnica longa azul, escoita as palabras de Xesús mentres Marta, de pé, á esquerda, dispónse a colocar os pratos para o xantar.

A paleta de cor empregada pola artista é austera con predominio das cores frías e apagadas, aplicadas cunha pincelada moi diluída coa que logra un efecto moi delicado.

Julia Minguillón introduce, por primeira vez, elementos que caracterizarán outras das súas obras posteriores, como a apertura dunha xanela ao fondo a través da cal se ve unha paisaxe montañosa e un oco na parede, a modo de fornela, recursos cos que consegue dar sensación de tridimensionalidade e profundidade, reforzada, neste caso, polas baldosas do chan.

Floreiro

Ca.1918

Victoria Malinowska

(Rusia Ca. 1890)

Óleo sobre lenzo

Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía

A autora deste cadro é unha pintora rusa de orixe polaca que viaxa por Europa ata instálase en 1912 en París, onde accede aos ambientes culturais e ás correntes vangardistas. Alí coñece a Ignacio Zuloaga, de estancia temporal na capital francesa, que fai un magnífico retrato da pintora que mostra a unha muller nova de aspecto elegante e refinado. O cadro está depositado polo MNCARS no Museo de Belas Artes da Coruña. Ao comezar a Primeira Guerra Mundial, Victoria, a súa nai e a súa irmá, tamén pintora, optan por trasladarse a España, a Madrid. A amizade con Pilar de Zubiaurre e os seus irmáns, os pintores Ramón e Valentín, que no seu estudo fan reunións de escritores, artistas e intelectuais, facilita que se introduza no ambiente cultural madrileño. De Valentín é precisamente outro interesante retrato, para o que a pintora pousa en 1916.

En 1917 Malinowska envía unha obra á Exposición Nacional de Belas Artes e en 1918 fai unha mostra individual no Círculo de Belas Artes, con boas críticas e éxito de vendas. A partir de entón son numerosas as súas exposicións e moi habitual a súa presenza en ámbitos artísticos.

En canto ao xénero pictórico, a súa produción é moi diversa. Abundante en retratos, pero tamén en paisaxes, temas costumistas e bodegóns, sobre todo floreiros como este da colección do MNCARS.

No verán de 1920 a pintora viaxa a Galicia para expoñer na sala do Faro de Vigo, ao parecer grazas a unha xestión do pintor Zuloaga. Pero a súa estancia prolóngase. Probablemente ata decembro de 1921 permanece en Vigo, nun domicilio na rúa do Arenal, onde imparte clases de pintura.

En 1922 está de novo en Madrid e ao ano seguinte participa no Salón de Outono e o Museo de Arte Moderna, sendo director Benlliure, adquire por mil pesetas o seu cadro Floreiro.

Victoria Malinowska é outra das mulleres esquecidas pola historia da arte que, a pesar dos altibaixos económicos, tentou vivir da súa actividade como artista nas primeiras décadas do século XX.

Fumes xeados

1930

Benjamín Palencia

(Barrax, Albacete 1894-Madrid 1980)

Óleo e area sobre lenzo

Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía

Benjamín Palencia está considerado un dos grandes renovadores da pintura de paisaxe castelá do século XX e forma parte das relacións de amizade e intercambio intelectual que marcaron a traxectoria artística de Maruja Mallo.

De familia humilde e moi numerosa, aos 15 anos chega a Madrid. Asiste a algunhas clases de pintura, pero a súa formación vai ser esencialmente autodidacta. Participa en exposicións para artistas emerxentes e Juan Ramón Jiménez repara na súa pintura. Frecuenta a Residencia de Estudiantes, coñece a Dalí, Bares, Lorca, Buñuel, Alberti... En 1925 mostra a súa obra na Exposición de Artistas Ibéricos e ao ano seguinte viaxa a París, onde accede ás vangardas, en particular ao surrealismo.

En 1927, xunto ao escultor Alberto Sánchez, reúne a un grupo de artistas e escritores que se interesan pola natureza e a paisaxe castelá, que comparten a atracción polas vangardas europeas e preocúpanse pola innovación na arte española. Xorde así a que sería coñecida como Escola de Vallecas, por ser a zona sueste de Madrid a elixida para paseos inspiradores e conectar coa materialidade do territorio e a paisaxe.

Pola Escola de Vallecas pasan personalidades do ámbito da literatura, a pintura, a escultura, a arquitectura, a fotografía, o xornalismo. Maruja Mallo vai ser unha artista significativa desta iniciativa e nesa época desenvolve a súa serie Cloacas e Campanarios.

A experiencia creativa da Escola interrómpeuse en 1936 co estalido da Guerra Civil. Tras a contenda, entre os anos 1939 e 1942, Benjamín Palencia tenta dar continuidade ao proxecto.

Este cadro pertence á primeira Escola de Vallecas e evidencia as características propias da obra do autor nesa etapa de interpretación surreal da paisaxe con grises, ocre e terras e con particular interese polo aspecto matérico da pintura, neste caso engadindo area.